



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	O proceso de investigación en turismo: tipos, estrutura e fases		Código	615524107
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Caamaño Franco, Iria		Correo electrónico	iria.caamano@udc.es
Profesorado	Caamaño Franco, Iria Varela Fernández, Paula		Correo electrónico	iria.caamano@udc.es p.varelaf@udc.es
Web				
Descrición xeral	Esta materia introduce ao alumnado na investigación en turismo tanto desde un punto de vista teórico como desde un punto de vista práctico. Reflexiónase ademais sobre a metodoloxía científica en xeral e sobre a investigación social en particular, explicando especificamente as diferentes técnicas de investigación social. Igualmente desenvólvese ao longo do curso cada unha das etapas dun proxecto de investigación social concreto.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
A/o alumna/ou coñecerá os métodos e as e técnicas das ciencias sociais, diferenciando entre as técnicas de investigación cualitativas e cuantitativas.	AM3	BM1	CM7
A/o alumna/ou identificará as diferentes fases dun proceso de investigación cuantitativo	AI2 AM3	BM5	CM3 CM7
A/o alumna/ou identificará as diferentes fases dun proceso de investigación cualitativo	AI1 AI2	BM5 BM12	CM3 CM7
A/o alumna/ou saberá identificar e reflexionar críticamente sobre as fases dun proceso de investigación analizando un traballo de investigación xa realizado e recolleito nun artigo publicado nunha revista de impacto.	AI2 AM3	BM1 BM3 BM7 BM8 BM10 BM11 BM12	CM7
A/o alumna/ou saberá comunicar e expresarse con claridade e razoamento crítico			CM5 CM6 CM8 CM9

Contidos	
Temas	Subtemas



1.- Os enfoques cuantitativo e cualitativo na investigación científica	1.1.- Definición e enfoques da investigación social 1.2.- Características do enfoque cuantitativo de investigación 1.3.- Características do enfoque cualitativo de investigación 1.4.- Diferenzas entre o enfoque cuantitativo e cualitativo
2.- O proceso de investigación cuantitativa	2.1.- Formulación do problema cuantitativo 2.2.- Desenvolvemento da perspectiva teórica: revisión da literatura e construción do marco teórico 2.3.- Definición do alcance da investigación para realizar: exploratoria, descriptiva, correlacional ou explicativa 2.4.- Formulación de hipótese 2.5.- Concepción ou elección do deseño de investigación 2.6.- Recolección de datos cuantitativos 2.7.- Análise de datos cuantitativos 2.8.- O reporte de resultados do proceso cuantitativo
3.- O proceso de investigación cualitativa	3.1.- O inicio do proceso cualitativo: formulación do problema, revisión da literatura, xurdimento de hipótese e inmersión no campo 3.2.- Mostraxe na investigación cualitativa 3.3.- Recolección e análise de datos cualitativos 3.4.- Deseños do proceso de investigación cualitativa 3.5.- O reporte de resultados do proceso cualitativo
4.- Os procesos mixtos de investigación	4.1.- En que consiste o enfoque mixto 4.2.- Por que utilizar o enfoque mixto 4.3.- O proceso mixto 4.4.- Deseños mixtos específicos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 A8 A9 B1 B3 B7 B8 B10 B11 B12 C5 C7	32	0	32
Portafolios do alumno	A12 B1 B3 B5 B7 B8 B10 B11 B12 C3 C5 C7 C6 C8	0	30	30
Investigación (Proxecto de investigación)	A8 A9 B3 B5 C3 C6 C8 C9	10	78	88
Atención personalizada		0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Portafolios do alumno	É un cartafol físico ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno no marco da asignatura, cos comentarios e cualificacións asignadas polo docente e invitados ás aulas o que lle permite visualizar o progreso do estudante.



Investigación (Proxecto de investigación)	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
--	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación)	Durante o curso académico, prestarase atención personalizada e continua a todos ao estudiantado matriculado nesta materia, tanto para responder preguntas sobre as clases presenciais /on-line como para abordar temas relacionados co traballo. Iria Caamaño Franco iria.caamano@udc.es

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A12 B1 B3 B5 B7 B8 B10 B11 B12 C3 C5 C7 C6 C8	O portafolio inclúe: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso realizado polo profesor, etc. As instrucións estarán recollidas no Moodle da materia.	10
Sesión maxistral	A12 A8 A9 B1 B3 B7 B8 B10 B11 B12 C5 C7	Cada tema indicado nos contidos será explicado polo/a profesor/a nas clases. Dita explicación será acompañada de material didáctico que estará a disposición do alumnado no Moodle da materia. Valorarase o traballo desenvolvido na aula, sobre todo durante as sesións prácticas de análise de textos e artigos.	10
Investigación (Proxecto de investigación)	A8 A9 B3 B5 C3 C6 C8 C9	Consistirá en elixir por parte do estudante de forma autónoma un artigo de investigación sociolóxica sobre o turismo publicado nunha revista científica. Seguindo os pasos que se lle indicarán ao alumnado, que consistirán nas fases do proceso de investigación, teñen que facer un traballo no que analicen as fases do proceso de investigación que expón o artigo, e indicar ao mesmo tempo as deficiencias que detectan no escrito e as engadidos/correccións que eles farían de cada unha das fases. Ao longo do curso a/o profesor/a -seguindo as fontes de información indicadas-, tutelará explicando con detalle cada unha das fases, con exemplos concretos de investigacións xa feitas e publicadas. Desta forma o alumnado terá orientación tutelada de cada unha das fases do traballo. Finalmente deberá realizar un esquema brevemente desenvolto dun posible traballo de investigación, cualitativo, cuantitativo ou mixto.	80

Observacións avaliación



1ª Oportunidade. A planificación exposta nesta guía docente supón a aplicación dun sistema de avaliación continua. Todas as partes incluídas na metodoloxía teñen que ser superadas polo menos nun 50% para poder calcular o cómputo final. O alumnado que suspenda calquera das partes figurará en actas coa calificación obtida na parte suspensa ata que se poda facer o cómputo final na seguinte oportunidade unha vez superadas todas as partes.

2ª Oportunidade da 1ª Convocatoria e oportunidades de posteriores convocatorias. Teranse que realizar os mesmos exercicios mencionados. O alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10.

Calificación de Non Presentado (NP). O alumnado que non se presente a ningunha das partes propostas na avaliación aparecerá como NP na acta. De presentarse a calquera de elas, aparecerá como suspenso ata que na seguinte convocatoria presente ou supere a parte que lle falta para facer o cómputo final. Se pode dar o caso de que unha persoa suspenda algunha das partes pero que a suma co resto dé aprobado. Neste caso a nota será dun suspenso (o suspenso máis alto que aparezan suspensas) pois para facer o cómputo é preciso, como se sinalou anteriormente, que todas as probas sexan superadas nun 50%.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC

Fontes de información

Bibliografía básica	- Hernández Sampieri, R.; Fernández Collado, C. y Baptista Lucio, M. P. (2010). Metodología de la investigación. Madrid: McGraw-Hill - Corbetta, P (2010). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill
----------------------------	---

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ao alumnado ler o programa e as normas de avaliación. Tamén se recomenda que asista regularmente ás clases; realice os exercicios propostos polo docente; discuta os casos cos compañeiros(as) e participe activamente nos debates que se xeren na aula. A entrega dos traballos que se realicen nesta materia remitiránse a través de Moodle en formato dixital. As instrucións detalladas sobre os traballos serán explicadas pola profesora na aula e expostas na plataforma Moodle para a súa consulta. A bibliografía recomendada non será a única utilizada nas discusións. O docente recomenda que o alumnado traia para as clases, discusións da actualidade, que sexa xurdida na prensa escrita, quer na radiofónica ou televisiva (nos novos medios de comunicación, redes sociais, ou en medios tradicionais). Seguramente esa aplicación enriquecerá a aprendizaxe e facilitará a asimilación dos temas teóricos abordados. Para facilitar a comprensión significativa dos coñecementos, o alumnado deberá revisar, antes das clases, o material posto á súa disposición por parte do docente. Atención á diversidade: a materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, cos servizos dispoñíbeis na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo. Perspectiva de Xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías